



# NARÓN

para os teus ollos

[turismo.naron.es](http://turismo.naron.es)

GALEGO

# ÍNDICE

## **NARÓN PARA OS TEUS OLLOS**

### **PATRIMONIO CULTURAL, ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO**

A Pena Molexa .....	03
Castros .....	04
Monte dos nenos .....	05
Mosteiro do Couto .....	06
Capelas, igrexas e cruceiros .....	06
Convento de Baltar .....	08
Caseróns e pazos .....	09
Muíños .....	10
Aldea Nova .....	11

### **CONTORNA NATURAL**

Magnolio centenario .....	12
Río Xuvia .....	13
Paseo marítimo de Xuvia .....	14
Praias .....	14
Área recreativa de Pedroso .....	15
Parque de Freixeiro .....	15

### **CAMIÑO INGLÉS A SANTIAGO DE COMPOSTELA** .....

### **RUTAS**

A Pena Molexa-Monte da Lagoa .....	18
Ruta dos muíños .....	20
Camiño Vello a Santo André de Teixido .....	21

### **EVENTOS ANUAIS** (Confirmar datas en turismo.naron.es)

Oenach Atlántico. Festa de Interese Turístico de Galicia .....	23
Calendario .....	24

### **GASTRONOMÍA**

Pemento do Couto .....	27
Tomate Negro de Santiago .....	28

### **NARÓN HOXE**

Pazo da Cultura .....	29
Ocio .....	30
Narón comercial .....	31
Narón industrial .....	31
Hostalería e restauración .....	32

# CRÉDITOS

Edición **Concello de Narón. Concellería de Turismo**

Produce **Item-Aga**

Fotografías **Ovidio Aldegunde / Concello de Narón**

Depósito legal **C 2275-2015 · ©2022**



# NARÓN

para os teus ollos

Narón amósase nesta guía ante os teus ollos como é: unha cidade viva, dinámica, extensa e intensa, chea de encantos, algúns ben sabidos pero moitos outros grandes descoñecidos que suporán auténticas sorpresas para o viaxeiro.

Abre os ollos porque para eles son as xoias arquitectónicas, os espazos naturais únicos, a maxia de muíños e torrentes, o rebumbio dos espectáculos e a incesante cultura, a intensa actividade deportiva, a arte viva, o bulicio de feiras e cabalos, os inigualables pementos doces, o próspero comercio, a industria vital e o progreso, o dinamismo das rúas e das xentes, e a auga, e os ríos, e o mar... Narón é moito máis do que imaxinas. Deixa que os teus ollos cho descubran.



*Sen dúbida este é un dos lugares máxicos de Narón*

## **PATRIMONIO CULTURAL, ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO**

### **A PENA MOLEXA**

Como elemento singular dentro do Monte da Lagoa contamos coa Pena Molexa, un conxunto megalítico que pola súa localización, a relación co territorio que o circunda, a técnica construtiva coa que foi erixida e a articulación dos seus elementos, é considerada como un referente patrimonial cunha posible dedicación a un culto funerario antigo. O conxunto é un “unicum” material no occidente europeo e documenta de forma completa o rito funerario lunar. A Pena Molexa é a referencia material dun territorio denso en simbolismo e disposto para ser vivido como unha experiencia máxica, rodeado de múltiples lendas, sendo a máis coñecida a Lenda da Moura, muller maga que coñece os segredos da terra e do outro mundo.



Recreación do castro de Eiravedra

## CASTROS

Narón é moi rico neste tipo de vestixios do pasado: **castro de Quintá** (lugar de Quintá, parroquia de Santa María a Maior do Val), **castro da Cruz do Castro** (parroquia de San Mateo de Trasancos), **castro de Sequeiro** (parroquia de San Xiao), **castro da Revolta** (parroquia de Santo Estevo de Sedes), **castro de Os Vicás** (parroquia de San Xiao), **castro da Ermida** (parroquia de San Salvador de Pedroso), **castro de Santa María de Castro** (parroquia do mesmo nome), e **castro de Vilasuso** (Santa María a Maior do Val), todos eles de propiedade privada e non visitables.

Si permiten a visita de **Eiravedra**, o castro prevalente de Narón. Domina a paisaxe e o territorio, desde o val de Pedroso á ría de Xuvia e ata as terras de San Sadurnño. A súa forma é ovalada, cunha muralla no interior e un terraplén cara ao exterior.

E o **Castro do Petouzal** (O Couto), que responde á tipoloxía de asentamento costeiro que utilizaba a ría como fonte de recursos alimentarios a mercé da pesca, etc. Del só se conservan os muros, de dez metros de altura, e os foxos, cunha profundidade de cinco metros. Situados os dous na súa cara suroeste, mirando ao val de Trasancos.



*Vista dende o Monte dos nenos*

## **MONTE DOS NENOS**

A necrópole prehistórica de Monte dos nenos, con polo menos 14 túmulos funerarios, localízase na parroquia de Santo Estevo de Sedes, ocupando o altiplano do monte, a 300m sobre o nivel do mar.

Este tipo de monumentos conforman a primeira arquitectura monumental de Galicia, sendo ademais un fenómeno cultural que nos une con toda a facha atlántica europea. Construídas para perpetuarse no espazo e no tempo dende época Neolítica, modifican a paisaxe, humanizándoa, de maneira que se podería falar de “tumbas para os vivos”.

Estes enterramentos baseábanse maioritariamente nun ritual funerario colectivo, sendo os finados acompañados de diferentes obxectos de connotación ritual: machados de pedra, puntas de frecha, colares, recipientes cerámicos, etc.

Semella que nunha porcentaxe importante os túmulos de Monte dos nenos poderían pertencer á fase plena do denominado megalitismo, con túmulo e cámara funeraria (dolmen) de dimensións importantes.



Ábsida do mosteiro do Couto. Detalle



Igrexa de San Salvador de Pedroso e cruceiro

## MOSTEIRO DO COUTO

Situado na ruta xacobeá do Camiño Inglés, as súas orixes remóntanse ao reinado de Ramiro I, a mediados do séc. IX. Cos condes de Traba, a mediados do séc. XI terá un novo auxe, aínda que a súa época de maior esplendor será no XII cando se incorpore á orde de Cluny, edificándose a igrexa románica. A edificación do actual mosteiro de San Martiño do Couto é obra de comezos do séc. XII. Xunto ao mosteiro, declarado Monumento Artístico Nacional polo Ministerio de Cultura, atópase a igrexa de San Martiño, cunha construción actual que data do séc. XII, se ben a súa fachada e a torre son do séc. XVIII. É propiedade da diocese de Mondoñedo-Ferrol.

## CAPELAS, IGREXAS E CRUCEIROS

A igrexa de **San Lourenzo de Doso** posúe unha vistosa bóveda de canón, do século XVI, que recibe o visitante nesta igrexa vella de San Lourenzo. Actualmente está medio ruínoza, pero elementos coma a súa torre do campanario manteñen a beleza deste modelo de igrexa parroquial galega.

A igrexa de **San Salvador**, situada na parroquia de Pedroso, é a herdeira do antigo e desaparecido mosteiro de Pedroso, que aló polo século XIII estaba



Igrexa de Santo Estevo (Sedes)



Capela San Vicente de Placente



Capela de Santa Margarida do Val

no seu esplendor. Deste consérvanse algúns elementos incorporados na súa arquitectura interior. O cruceiro figurado do adro, o único de Narón que presenta a particularidade de dispor dun pousadoiro, está construído en pedra serpentina, ou toelo, das canteiras de Moeche.

A capela de **Santa Margarida do Val** púxose en pé, ao abeiro dos Andrade, no século XV, sendo unha das máis antigas do concello. Atópase situada nunha contorna rural, é de planta rectangular e no interior a nave principal posúe unha bóveda rebaixada. Moi preto deste edificio pódese visitar o cruceiro e a fonte de Santa Margarida, cos canos de Santa Margarida e Santa Lucía.

A **capela da O** lembra cando, nos tempos de seca, se sacaba a Virxe da O en procesión para conseguir que chovese. Malia que non sempre o deu feito, froito da forte devoción popular construíuse esta sinxela capela na súa honra e creouse a romaxe que aínda se mantén nos nosos días. Nos arredores da capela da O atópanse a ponte de Chao e os muíños de Perfecto e Chao.





*Pazo-convento de Baltar*



*Capela do Sagrado Corazón no pazo de Baltar*



*Pazo de Baltar. Pedra de armas do século XVI*

## CONVENTO DE BALTAR

Situado no núcleo rural de Baltar, a construción orixinal débese a Juan Pardo e Andrade a finais do séc. XVI, sendo cedida pola derradeira marquesa de San Sadurniño, María da Natividade Quindós e Villarroel, aos misioeiros claretianos en 1910. Da súa data de creación só se conservan dous grandes brasóns ou pedras armeiras en cantería esculpida.

Posteriormente foi modificado, incluíndo a capela do Sagrado Corazón e unha fonte de estilo barroco. Preto de Baltar tamén temos varias casas medievais coma a de Quintá e o impresionante conxunto que forman a capela de Santa Margarida do século XVI, o cruceiro e a fonte de dous canos.



*Pazo do Vento*



*Chalé de Antón, de propiedade municipal*



*Pazo de Nelle*

## CASERÓNS E PAZOS

O **pazo do Vento** é unha construción de pedras de cantería, que conta con gran profusión de detalles arquitectónicos no seu interior. Entre eles destacan unha grande escalinata de pedra e unha lareira típica. Detalles exteriores coma o hórreo de pilastras ou un gran pombal-merendeiro poligonal, aínda amosan a imaxe da fidalguía das xentes que o fixeron construír.

O **pazo de Libunca**, caserón da Pena de Embade, é unha construción realizada pola familia dos Montenegro en 1922. Ten un marcado estilo modernista. Desa época mantén a súa decoración de liñas modernistas, con columnas e balconadas reberetadas de cerámica traída de Talavera. É coñecido como chalé de Cabezas.

O **chalé de Antón** é unha construción levantada nas primeiras décadas do século XX e restaurada no ano 1982. A fachada principal conta cunha ornamentación nas molduras, liñas de imposta, capiteis e balaustrada no soportal.

O **pazo de Nelle**, o caserón de verán dos Pita Romero, o dos Freire ou o de Román, que evoca un estilo romántico francés de finais do século XIX son algúns dos moitos exemplos de casas señoriais que poboa este concello.



Muíño das Aceas



Muíño de Pedroso



Muíño de Xuvia

## MUÍÑOS

Seguindo o curso do río Freixeiro, atopamos o **muíño de Amenadás**, que aínda se mantén en funcionamento. Creada no século pasado, esta construción recolle un adianto tecnolóxico de grande interese, os muíños de turbina, de moito aproveitamento das augas, que se idearon para cursos de pouca auga.

O **muíño das Aceas** é un muíño de mareas, levantado a finais do século XVIII, promovido por unha sociedade de empresarios galegos e franceses, que foi unha das principais fábricas de fariñas de Galicia no século XIX.

O **muíño de Xuvia**, en 1858, era o principal muíño do país en capacidade de produción da súa clase. Recibía o trigo en barcos e exportaba fariña ao Báltico, a América e a Santander. Este muíño fariñeiro chegou a mover unha fábrica de papel.

O **muíño de Gradaille** data da década dos cincuenta do século XX. Situado na ribeira do río Xuvia, na parroquia de San Salvador de Pedroso, este muíño fariñeiro tamén é coñecido como muíño de Entrerríos.

O **muíño de Pedroso** e a súa contorna constitúen unha excepcional área recreativa, con zona de acampada, merendeiro, aparcadoiro, e muíño reconstruído e en funcionamento, que pode ser visitado, sendo un verdadeiro centro de interpretación da nosa etnografía.



*Vista xeral das instalacións do parque temático*



*En Aldea Nova desenvólvense actividades dirixidas ao coñecemento das nosas orixes*

## **ALDEA NOVA**

Aberto ao público en xaneiro de 2008, no Monte dos Nenos (Sedes) atópase o parque temático do mundo rural Aldea Nova. Trátase dun espazo de 35.000 metros cadrados de superficie, no que se recrea a vida nunha aldea típica de Galicia. Aquí pódense atopar instalacións coma un albergue con capacidade para 50 persoas, unha casa de aldea na que se sitúa un museo etnográfico, ademais dunha granxa con distintas especies animais. Este inmenso parque da natureza e da cultura autóctona de Galicia é un produto exclusivo, auténtico e vivo, en constante evolución. É unha mostra de recuperación da identidade galega e do mantemento dos valores do contorno e do medio ambiente galegos.



*A Magnolia grandiflora é testemuña da vida dos naroneses dende hai máis de 200 anos*

## **CONTORNA NATURAL**

### **MAGNOLIO CENTENARIO**

A *Magnolia grandiflora* de Santa Rita de Xuvia, cos seus máis de seis metros de perímetro de tronco, é a maior de Galicia e pode que de España.

O Concello de Narón, no Plan de urbanismo aprobado en 2002, outorgoulle protección integral. Posteriormente, no ano 2007, a Xunta de Galicia, ao incluíla no catálogo de “Árbores senlleiras de Galicia”, co número 58A (a única da comarca), outorgoulle protección autonómica.

Tanto o magnolio coma o terreo que o acolle foron sempre, e continúan a ser de propiedade privada, pero o seu uso e acondicionamento foron cedidos polos seus donos ao Concello de Narón.

Aínda que é difícil poñerlle data de plantación, supónselle unha idade en torno aos 200-220 anos, é dicir, a finais do século XVIII e segundo diversas fontes, foi traída dalgún lugar de Europa por un embaixador español, probablemente don Eugenio Izquierdo, director da Real Fábrica de Cobretería e home de profunda formación en diversos campos da ciencia, incluída a botánica, que viaxou nesas datas por Europa, e chegou a ser embaixador plenipotenciario para firmar a paz con Inglaterra logo da batalla de Trafalgar.



*Ribeiras do río Xuvia*



*Comportas na presa do Rei*

## RÍO XUVIA

O espazo formado polas ribeiras do río Xuvia e do Castro, cunha extensión de 2.074 Ha, está incluído na Rede Natura 2000, Lic e Zepa, Sitios de Importancia Comunitaria e de Especial Protección polo seu interese natural e ecolóxico. Un dos lugares naturais máis pintorescos de Narón constitúe o río Xuvia, que nos seus últimos treitos se encaixa bordeando o monte de Ancos e ensancha ao chegar á presa do Rei, que é a que abasteceu de auga a Real Fábrica de Moeda de Xuvia e o muíño.

A **presa do Rei**, con grandes árbores deitadas sobre a auga e corzos abeberando nas ribeiras ofrece fermosas ferverzas, creadas no discorrer do río Grande cara á ría de Xuvia. A presa do Rei foi construída en tempos de Afonso XIII. Este espazo natural é un dous lugares máis emblemáticos para os camiñantes que visitan Narón. As fragas das ribeiras do Xuvia forman un ecosistema único.





*Ponte sobre a ría e paseo marítimo de Xuvia*



*Costa de Narón. A Pena Lopesa entre as calas do Casal e Lopesa*

## **PASEO MARÍTIMO DE XUVIA**

Localizado á dereita o barrio de Xuvia e o seu paseo marítimo, cunha ponte que une as beiras de Narón e Neda. É un lugar magnífico para se sentar, observar, deixar pasar o tempo, ver o ir e vir da xente de todas as idades, nun oasis onde xogar, practicar deporte, pasear á beira da ría gozando das vistas e a tranquilidade.

## **PRAIAS**

As pequenas calas do Casal, Lopesa e A Hortiña sitúanse nunha contorna rural, virxe, illada, posúen forma de cuncha e teñen area branca. Ventosas e con forte ondada, son ideais para contemplar a forza das ondas, a paisaxe da serra e as praias contiguas de Covas e A Frouxeira.

Constitúen un espazo ideal para os amantes da natureza e dos lugares pouco masificados.



Área recreativa do muíño de Pedroso


## ÁREA RECREATIVA DE PEDROSO

Contorna ideal para pasar un día en familia xunto ao río Xuvia, que en case todo o seu perímetro é Zona Natural Protexida (*Coordenadas: 43° 31' 16.66" N - 8° 06' 40.03" O*). É unha paraxe idílica con cámping, praia fluvial, uns antigos muíños restaurados, parque infantil, mesas e barbacoas, zonas verdes, rutas de paseo, pontes, etc. Accédese dende a autovía Ferrol Vilalba AG-64, saíndo dirección Xuvia pola AC-862 e desviándose cara a onde xa está sinalizado a 1 km. Tamén se chega por Neda, pola autoestrada Coruña-Ferrol.

## PARQUE DE FREIXEIRO

Este espazo serviu para transformar unha contorna urbana nun espazo máis amable. Na actualidade, ademais de sendas peonís, mobiliario urbano e iluminación pública, o parque conta cunha extensa zona verde e área de xogos infantís.





Icona do Camiño de Santiago

## CAMIÑO INGLÉS A SANTIAGO DE COMPOSTELA

A cidade de Narón, con grande espírito de acollida de peregrinos e dotada de servizos para iso, é un dos puntos de partida para moitos dos camiñantes que percorren este Camiño Inglés. NARÓN 100, fito de pedra que marca os 100 km que faltan ata a capital de Galicia, é o punto de partida para moitos peregrinos que, a partir de aquí, comezan a gozar de cada paso da ruta.

Conta con todas as comodidades e servizos necesarios para o peregrino: case 600 prazas hoteleiras na contorna urbana e en zonas rurais, incluíndo aquelas adaptadas para persoas con diversidade funcional, establecementos onde prima a calidade e o trato personalizado, e unha gastronomía asociada aos produtos locais de excelencia culinaria, como os pementos do Couto, os mariscos da ría, as grelladas de peixe e mariscos e o polbo á galega.

Testemuña histórica do paso de camiñantes cara a Compostela ao longo da historia. Primeiro atopa o peregrino o mosteiro de San Martiño de Xuvia, tamén coñecido como mosteiro do Couto. Edificio emblemático declarado BIC baixo a categoría de Monumento Histórico Artístico, supón o punto de partida do Camiño a Santo André de Teixido, outra ruta de peregrinación coa que a xacobeia comparte parte do percorrido inicial. Este cenobio, do que se descoñece o seu ano de fundación, está vencellado a importantes episodios da historia de Galicia, e chegou a ser un dos mosteiros máis importantes de España no século XII.



O seguinte punto a salientar é o muíño das Aceas, que foi declarado Real Fábrica de fariñas por Carlos IV en 1798, e que formaba parte da importante rede de moenda industrial francesa no século XVIII. Utilizaba a enerxía combinada dos ríos e as mareas, a partir da auga que acumulaba a súa monumental presa, a maior de Galicia e de toda a Península Ibérica, e que lle permitía moer inxentes cantidades de trigo. Foi o último dos grandes muíños industriais da Ilustración en deixar de moer. Antes de abandonar Narón, dúas últimas sorpresas para o camiñante, un estímulo para afrontar os quilómetros que quedan. O muíño de Xuvia, de 1775, que a comezos do século XIX se transformou na principal acea do país en capacidade de produción e permitíalle fornecer de fariña a toda a comarca, ademais de exportar importantes excedentes.

E para despedir este tramo do Camiño Inglés que transcorre polo concello de Narón, atópase o magnolio centenario do Xuvia. Este increíble exemplar de *Magnolia grandiflora* forma parte do Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia. Os máis de 6 metros de perímetro do seu tronco convértena na maior da súa especie en Galicia, e nunha das máis antigas do continente.

É precisamente este magnolio, o veciño máis lonxevo do territorio, o que despide cun “Ata a próxima” o camiñante que seguirá a súa andaina ata Santiago, logo de gozar do seu paso por Narón. Todo un privilexio para esta cidade anfitrioa de peregrinos.



A Pena Lopesa

## **RUTAS** (rutas.naron.es)

### **A PENA MOLEXA-MONTE DA LAGOA**

Narón conta con varias rutas xeolocalizadas e balizadas de grande interese cultural, histórico e patrimonial, entre as que salienta a da Pena Molexa-monte da Lagoa. Ademais das impresionantes vistas e natureza virxe, esta ruta introdúcenos a unha costa ártabra coñecida polo seu alto interese xeolóxico debido á variedade e antigüidade das súas rochas.

Toda a zona está declarada como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), polos seus ecosistemas e peculiaridades. Son puntos destacados nos percorridos: A Pena Molexa, extraordinario monumento megalítico sinalando a ascensión da lúa chea dende o solsticio de verán do ano metónico; A Pena Lopesa, Campo do Aveal e O Casal, os tres na liña de costa entre as ermidas de Santa Comba e Santo André de Teixido (santuarios e lugares de peregrinación dos galegos, ateigados de lendas e misticismo). Ou o territorio denominado 'monte da Lagoa', presidido por un cercado do Neolítico temperán.

A Pena Molexa é un singular conxunto megalítico composto dunha pena en forma de disco lunar colocada sobre enormes penas en forma de barca. A Pena Molexa é o megalito que concentra máis lendas de Galicia. Todas elas sobre o concepto celta de soberanía sacra.



A Pena Molexa

O conxunto megalítico da Pena Molexa salienta pola súa localización, o seu valor enerxético, a técnica construtiva coa que foi erixido e considerado un observatorio astronómico precedente ao do crómlech dos Almen-dres en Portugal (de 8.000 anos de antigüidade) ou do famoso Stonehenge (de 5.100 anos de antigüidade).

A Pena Molexa tería tamén a función de “*pousadoiro*”, e serviría para que a comitiva fúnebre puidese escenificar – manifestación mantida viva ata hoxe- a recolleita da alma do rei, tras superar unha proba pola moura (mul-ler da mitoloxía galega) e posterior transporte na barca lunar a *omóríka* (o máis aló).



*Área recreativa do Muíño de Pedroso*

## **RUTA DOS MUÍÑOS**

A ruta dos muíños ofrece un percorrido no que se mesturan recursos de grande importancia histórica e cultural con paisaxes que permiten gozar da natureza nunha contorna de singular beleza.

Esta ruta dende o mosteiro de San Martiño de Xuvia á área recreativa de pedroso, pasa por diversos lugares de interese histórico e paisaxístico.

Bordearás a ría e o río Xuvia e adentraraste na lendaria parroquia de Doso xunto a históricos muíños, presas, pontes e antigas igrexas. Coñecerás os vestixios da importante rede industrial que se asentou sobre a actividade da vasta rede de muíños que aproveitaba todos os recursos enerxéticos do territorio, e que frutificou coa posta en marcha de fábricas de curtidos, papel e moeda, supoñendo unha verdadeira revolución industrial para a comarca.



*Santuario de Santo André de Teixido*



*O peixe, símbolo do camiño de Santo André*

## **CAMIÑO VELLO A SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO**

De toda Galicia, e incluso de fóra de Galicia van os romeiros a Santo André de Teixido, pero o camiño clásico e o que aglutinaba os romeiros que querían completar a súa peregrinación a Teixido partía precisamente de Narón, do mosteiro do Couto. O Camiño Vello a Santo André de Teixido é un camiño moi especial para o pobo galego, e tamén unha viaxe polo tempo chea de espiritualidade, lendas, pegadas arqueolóxicas e experiencias máxicas.

Nesta contorna extraordinaria de cantís, plantas únicas no mundo e animais en liberdade, atoparás igrexas, capelas e cruceiros, mesturadas con cidades asolagadas, ánimas en pena, fontes milagreiras, lendas e tradicións. Déixate impregnar pola espiritualidade e sobrenatural beleza desta experiencia única que non te deixará indiferente. A lenda é de todos coñecida: Cristo estaba percorrendo o mundo e, canso de andar, detívose en Teixido. Para recuperar forzas tomou unha mazá e cando a abriu atopou nela a Santo André. O santo queixouse amargamente da súa situación, esquecido e abandonado naquelas afastadas terras. Xesús compadeceuse e prometeulle a Santo André que a súa romaría sería a máis visitada, “quen non vai de vivo vai de morto”.

O percorrido comeza entón no adro da igrexa de San Martiño. Aos 13 km de camiño por terras de Narón, hai que engadir logo outros 29 km polos





municipios de Valdoviño e Cedeira. Comezaremos subindo cara ao outeiro do castro do Petouzal, cuberto de bosque, para baixar despois ao muíño das Aceas. Atravesando a estrada de Castela, o camiño pasa preto do castro de Sequeiro, percorrendo a corredeira do Feal e outros camiños que levan á Pena de Embade.

Logo discorre entre os municipios de Narón e Valdoviño: A Carreira de Arriba, o monte da Boeira, O Carballo e as ladeiras do monte Esperón con espléndidas vistas sobre o val de Trasancos, os montes da Lagoa e o grande areal da Frouxeira.



*Feira do Trece: recreación de palloza e menhir*

## **EVENTOS ANUAIS** (confirmar datas en [turismo.naron.es](http://turismo.naron.es))

### **OENACH ATLÁNTICO**

Declarado Festa de Interese Turístico de Galicia dende 2014, trátase dun evento promovido polo Concello de Narón, polo Padroado da Cultura e no que participa o grupo de traballo da veciñanza de Sedes que ten o seu cumio na Noite no Castro de Eiravedra e coa recreación da vida cotiá na aldea galaica celta.

Celébrase na campa de Sedes na derradeira fin de semana de xullo, do venres ao domingo, e estrutúrase en diversas actividades: Acendido do lume e noite da música galiciana, recreación museística viva da vida nos castros, feira da artesanía galega e internacional, mostra de xogos rurais populares, Oenach gastronómico, carreira do castro e espazo lúdico.

O Oenach Atlántico desenvolve durante todo o ano unha programación complementaria: ateneo aldeán, obradoiros de elaboración de elementos e reproducións para a recreación da vida nos castros, etc.



## CALENDARIO

### **Entroido de Narón:**

Lugar e data: pista polideportiva da Solaina. Primeiro sábado de Entroido.  
Contido: Festival de Comparsas de Entroido.

---

### **Mostra da camelia “Cidade de Narón”:**

Data: Febreiro.

---

### **Singular. Festival Internacional do Monólogo Teatral:**

Lugar e data: Pazo da Cultura. Durante o mes de marzo.  
Contido: festival teatral que promove a disciplina do monólogo teatral.

---

### **Os Maios de Narón:**

Lugar e data: C.C.S. de Piñeiros e Praza de Galicia. Segunda fin de semana de maio.  
Contido: recreación da tradicional festa dos Maios con participación da comunidade.

---

### **Festa do lisco:**

Lugar e data: pista polideportiva de Doso. Maio.  
Coa participación da comunidade.

---

### **Festa dos callos:**

Lugar e data: pista polideportiva de San Mateo. Maio.  
Coa participación da comunidade.

---

### **Concentración Moteira Cidade de Narón:**

Lugar e data: paseo marítimo de Xuvia – 1ª fin de semana de xuño.

---

### **Rally Cidade de Narón:**

Lugar e data: Narón e concellos limítrofes – 2ª fin de semana de xuño.

---

### **Recreación das lendas da Pena Molexa:**

Lugar e data: lugar de Vilasuso – O Val. Terceiro sábado de xuño.  
Contido: recreación parateatral das lendas da Pena Molexa con participación da comunidade e programa de actos de música tradicional.

---

### **Churrascada- Sardiñada de San Xiao:**

Lugar e data: pista polideportiva de San Xiao. Último sábado de xuño.

Contido: Churrascada popular con concertos de música folk galega coa participación da comunidade.

---

### **Alteada:**

Lugar e data: paseo marítimo de Xuvia. Xullo.

Contido: festa do marisco da ría con participación da comunidade.

---

### **Jazz de Ría:**

Lugar e data: parque fluvial de Freixeiro. Xullo.

---

### **Festa Gastronómica do pemento do Couto:**

Lugar e data: carballeira e C.C.S do Couto coa participación da comunidade. Xullo.

---

### **Noite no Mosteiro:**

Lugar e data: mosteiro de San Martiño de Xuvia. Xullo.

---

### **Noites á Fresca:**

Lugar e data: Camiño Inglés. Xullo.

Contido: concertos.

---

### **Encontro de rondallas “Cidade de Narón”:**

Lugar e data: Piñeiros. Xullo.

---

### **Verde que te quero verde:**

Lugar e data: diferentes zonas axardinadas do concello. Domingos do mes de xullo.

Contido: sesións vermú para público familiar e adulto nas zonas axardinadas do concello coa participación da comunidade.

---

### **Festival Internacional de Folclore de Narón:**

Lugar e data: parque fluvial de Freixeiro. Terceiro sábado de xullo.

Contido: festival de diferentes grupos folclóricos do mundo.

---

### **Oenach Atlántico de Sedes:**

Lugar e data: recinto feiral do Trece – Sedes. Última fin de semana de xullo.

Contido: recreación do xeito de vida da cultura céltico galaica con programa de actos musical, teatral e gastronómico coa participación da comunidade.

---

### **Gulliver Fest:**

Lugar e data: área recreativa de Pedroso. Primeira fin de semana de agosto.

Contido: festival da cultura viaxeira.

---

### **21 leguas:**

Lugar e data: paseo marítimo de Xuvia 7, 8 e 9 de outubro.

Contido: proba de ultrafondo nun percorrido de 101 km aproximadamente, a realizar a pé (marchadores) ou en bicicleta de montaña (BTT).

---

### **MOTIX. Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de Narón:**

Lugar e data: auditorio municipal, Pazo da Cultura e escolas infantís municipais. Durante os meses de outubro e novembro.

Contido: mostra de teatro infantil e familiar para escolares de toda a comarca.

---

### **Samaín de Narón:**

Lugar e data: pista polideportiva de San Mateo de Trasancos o 31 de outubro.

Contido: celebración da festa tradicional do Samaín ao redor do mundo do alén coa participación da comunidade.

---

### **Recreación da esfolia tradicional:**

Lugar e data: pista polideportiva de Doso. Segundo sábado de novembro.

Contido: recreación dunha esfolia tradicional con programa de actos de música e danza tradicional coa participación da comunidade.

---

### **23 de novembro “Día de Narón”.**

Festividade local. Actividades conmemorativas nas que participa a comunidade.



*Pemento do Couto, produto estrela*

## GASTRONOMÍA

### PEMENTO DO COUTO

É unha variedade de pemento (*Capsicum annum* L.) con Indicación Xeográfica Protexida, orixinaria da comarca de Trasancos. Toma o seu nome do mosteiro do Couto, lugar onde os monxes comezaron a selección e cultivo destes pementos. A zona de produción está constituída pola totalidade da comarca de Trasancos, integrada polos concellos de Ferrol, Narón, Valdoviño, Cedeira, Moeche, As Somozas, San Sadurniño, Neda, Fene, Mugardos e Ares.

O terceiro domingo do mes de xullo celébrase no concello naronés a Festa do Pemento do Couto, que contribuíu a dar a coñecer este produto como unha excelencia gastronómica. Prova da súa fama son os numerosos establecementos de restauración da comarca que inclúen xa o pemento do Couto na súa carta.



*Tomate Negro de Santiago*

## **TOMATE NEGRO DE SANTIAGO**

Esta antiga variedade de tomate autóctono que desaparecera practicamente como cultivo, foi obxecto dun intenso traballo de recuperación por parte do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, conseguindo que se extenda polas diferentes hortas galegas cunha grande aceptación. Dende o ano 2012 é cultivado e comercializado pola Cooperativa do Val en Narón, facendo un verdadeiro esforzo para devolver esta variedade ao mercado.

Trátase dunha variedade estacional, cuxo froito podemos degustar exclusivamente en verán. A súa característica coloración e a súa forma irregular e caprichosa, fan deles uns tomates que encerran no seu interior o seu segredo: un sabor espectacular a tomate “coma os de antes”.

A acollida desta variedade é tal que a súa produtora, a Cooperativa do Val, multiplicou por tres a superficie de cultivo para esta variedade e a súa produción medrou de forma espectacular.



O Pazo conta cun escenario de mil metros cadrados e unha capacidade de novecentas butacas

## NARÓN HOXE

### PAZO DA CULTURA

Logo da consolidación de Narón como referente na xestión cultural pública en Galicia, o Concello de Narón, xunto co seu Padroado da Cultura, inaugurou en 2008 o novo Pazo da Cultura. O segundo maior auditorio de Galicia serve de espazo de acollida de grandes eventos culturais á vez que é sede da Escola Profesional de Teatro e das escolas de baile, música e danza do Padroado de Cultura.

Conta cun Café-teatro con capacidade para 80 persoas para desenvolvemento de eventos e espectáculos máis íntimos.

#### ***Pazo da Cultura de Narón***

R/ Holanda - Urb. Cidade Europa · Tfno.: 981 391 144

Teléfono do despacho de billetes: 981 102 897 (de 11.00 a 13.30 e de 18.00 a 20.00 h).

[www.padroadodecultura.es](http://www.padroadodecultura.es)



*Os amantes do golf contan cun espazo perfecto nas instalacións do Club Campomar*

## OCIO

### **Cinebox Narón** (12 salas)

Pol. Industrial da Gándara, s/n. Centro Comercial Dolce Vita Odeón  
[www.cinebox.es](http://www.cinebox.es) · Tfno.: 902 221 622 · Día do espectador: xoves

### **Campo de golf Campomar**

Lg. Vilacornelle, s/n. O Val · 15541 Narón  
Tfno.: 981 453 910 / 663 123 398 · [www.clubcampomar.com](http://www.clubcampomar.com)

### **Área de servizo de autocaravanas**

Pol. Río do Pozo (43° 31' 59.41" N - 8° 11' 44.44" O)  
Cámping Área Recreativa de Pedroso (43° 31' 16.66" N - 8° 06' 40.03" O)



*O comercio tradicional ten unha extraordinaria importancia en Narón, mesmo no núcleo urbano*

## **NARÓN COMERCIAL**

O comercio de proximidade de Narón é moito e moi diverso, con establecementos onde prima a calidade e o trato personalizado, converténdose en insignia dun Narón que progresa pero non perde de vista as súas orixes. O comercio experimentou un pulo importante dende comezos da década coa implantación de dúas grandes áreas comerciais, de servizos e lecer:

### ***Centro Comercial Narón***

Estrada de Castela, 224-226 · 15570 Narón · Tfno.: 981 392 309

### ***Centro Comercial Dolce Vita Odeón***

Pol. da Gándara s/n · 15570 Narón · Tfno.: 981 397 940

## **NARÓN INDUSTRIAL**

O crecente e puxante Narón dos nosos días, no que florece un denso tecido empresarial débese, entre outros factores, ao desenvolvemento dunha magnífica infraestrutura tanto para a industria como para os servizos, con tres polígonos de primeira liña: o de Río do Pozo, un dos maiores de Galicia, así como o da Gándara e o das Lagoas.





### **ALOXAMENTO, RESTAURACIÓN, PUBS, ETC.**

**Aloxamento e restauración** \_ Narón conta con máis de 600 prazas de aloxamento, de distinta tipoloxía, entre hoteis de 4 estrelas, pensións, vivendas turísticas e cámpings. No sector da restauración a oferta nos restaurantes, cafeterías e café-bares, conta cunha variadísima oferta gastronómica que fará as delicias dos padais máis esixentes.

**Zona de copas / Pubs / Discotecas** \_ Unha forma de gozar do ocio e da noite nos distintos barrios e zonas da cidade. Narón é unha cidade dinámica e chea de vida, sendo moitas as posibilidades de ocio en familia, cos amigos, e para os visitantes.

**Estrada de Castela** \_ Bares de copas marcan un dos percorridos máis coñecidos de Narón, un nutrido número de establecementos onde gozar da conversa dos amigos e bailar ata altas horas da madrugada.

**A Gándara** \_ O ambiente máis novo da cidade atópase neste barrio que discorre paralelo á ría e que cada fin de semana se converte nun dos centros neuráxicos do lecer naronés.



**NARÓN**

Praza de Galicia, s.n. 15570 Narón  
Tlfo.: 981 337 700 · naron@naron.es · www.naron.es

**Policía Local:** 092 / 981 387 700

**Ambulancias:** 061

**Protección Civil-Emerxencias Narón:** 981 390 000

**Teléfono da Muller:** 016

**Taxis:** 981 388 888

**Oficina de Turismo:** 657 091 974

